



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

EXPEDIENTE: 2023/E001/000010 (Relacionado con 2022/E001/000014)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS, DUNHA PRAZA DE CONSERXE, GRUPO V NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDA NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 675/2022, de data 30 de decembro de 2022, adoptouse, entre outros, o acordo de aprobar as bases xerais e específicas da convocatoria para a estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro (publicada no BOP de 31/05/22 núm. 102, da provincia da Coruña e D.O.G. 31/05/2022 co núm. 103).

Por Resolución de Alcaldía número 6/2023, de data 17 de xaneiro de 2023, adoptáronse, entre outros, os acordos de aprobar as correccións efectuadas nas bases xerais e específicas da convocatoria para a estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro e convocar o proceso selectivo, para a selección e contratación, como persoal laboral fixo das prazas ofertadas.

O anuncio e as bases xerais e específicas da convocatoria, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 23 de xaneiro de 2023 (BOP núm. 15) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

O anuncio da convocatoria dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes as prazas de estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 13 de marzo de 2023 (DOG núm. 50).

No Boletín Oficial do Estado publicouse a "Resolución de 15 de marzo de 2023, del Ayuntamiento de Dodro (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas".

Con data 13 de decembro de 2024 reúnese o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a provisión de unha praza de CONSERXE, grupo V, nomeado por Resolución da Alcaldía núm. 637/2024 do 11/12/2024, propoñendo á Alcaldía para a obtención de praza de CONSERXE, persoal laboral fixo Grupo V, por ser a persoa que superou o proceso de selección con maior puntuación, ao seguinte aspirante QUINTÁNS ROMERO, JESÚS RAMÓN, con DNI ***602***.

A acta do tribunal foi publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro en data 13/12/2024 a efectos da presentación de alegacións ou reclamacións.

Durante o período de cinco (5) días hábiles outorgado foron presentadas as alegacións ou reclamacións seguintes:

Interesado/a	Data de presentación	Núm. Rexistro entrada
CRISTINA REY FERNÁNDEZ	20/12/2024	202499900001049

Con data 23/12/2024 reuniuse o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a provisión de unha praza de CONSERXE, grupo V, a efectos do tratamento da alegación presentada, acordando, entre outros, desestimar a alegación presentada

por CRISTINA REY FERNÁNDEZ de data 20/12/2024 con núm. R.E. 202499900001049 e en consecuencia manter a puntuación outorgada na sesión realizada o 13/12/2024; outorgar as puntuacións definitivas obtidas polos/as candidatos/ as; MANTER A PROPOSTA Á ALCALDÍA para a obtención de praza de CONSERXE persoal laboral fixo Grupo V, por ser a persoa que superou o proceso de selección con maior puntuación, ao aspirante QUINTÁNS ROMERO, JESÚS RAMÓN, con DNI ***602***. As citadas puntuacións obtidas son as seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
Quintáns Romero, Jesús Ramón	***602***	18	30	48
Monteiro Castro, Sonia María	***158***	3,60	30	33,60
Rey Fernández, Cristina	***830***	0	30	30
Nieto Figueira, Yolanda María	***898***	0	0	0

A publicación da acta efectuose no taboleiro de anuncios da sede electrónica o 23/12/2024.

Considerando que a base novena das que rexen o proceso de selección establece que: "(...) Superarán o proceso selectivo aqueles/as candidatos/as que alcancen un mínimo de 12 puntos", non tendo alcanzado os mesmos a candidata Yolanda María Nieto Figueira.

Por Resolución da Alcaldía núm. 242/2020 do 18/09/2020 creouse unha bolsa de emprego para posibles contratacións laborais temporais de conserxes, que finalizou a súa vixencia transcorridos 4 anos desde a súa aprobación, segundo as bases publicadas no BOP núm. 45 do 06/03/2020.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 663/2024 do 26/12/2024 acordouse, entre outros, aprobar a proposta do Tribunal cualificador en canto á obtención de praza de CONSERXE, persoal laboral fixo Grupo V, por Jesús Quintáns Romero, con DNI ***602***, por ser a persoa que superou o proceso de selección con maior puntuación; notificar a Resolución á persoa interesada requiríndolle para a presentación no prazo de 10 días naturais, da documentación que na mesma se indica e proceder á creación dunha bolsa de traballo coas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo, seguintes: _

1. MONTOIRO CASTRO, SONIA MARÍA, con DNI ***158***
2. REY FERNÁNDEZ, CRISTINA, con DNI ***830***

Efectuada a notificación ao interesado e publicada a Resolución no taboleiro de anuncios, con data 03/01/2025 e núm. 20250000000032, preséntase polo interesado, a documentación requirida.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 4/2025 do 07/01/2025 acórdase, entre outros, contratar como CONSERXE, persoal laboral fixo Grupo V, a QUINTÁNS ROMERO, JESÚS RAMÓN, con DNI ***602***.

Con data 28/01/2025 e núm. de R.E. 202599900000071 preséntase por Jesús Ramón Quintáns Romero renuncia á praza de conserxe, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Á vista do anterior e considerando o disposto na Resolución da Alcaldía 635/2024 do 11/12/2024 de aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento de estabilización de emprego temporal, de conformidade co exposto e no uso das facultades conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia á praza de conserxe, persoal laboral fixo do Concello de Dodro, presentada por Jesús Ramón Quintáns Romero, con DNI ***602***.

SEGUNDO.- Aprobar a obtención da praza de CONSERXE, persoal laboral fixo, Grupo V, por Sonia María Montoiro Castro, con DNI ***158***, aspirante que obtivo a segunda puntuación máis alta no proceso de selección.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Sonia María Montoiro Castro requiríndolle para a presentación no prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello da presente resolución, da seguinte documentación orixinal (ou copia compulsada):

1. Documento nacional de identidade, pasaporte ou documento válido en dereito que a acredite.
2. Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza á que se aspire.
3. Titulación esixida para cada praza nas bases específicas
4. Acreditación da capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a estabilizar.
5. Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
6. Número de afiliación á Seguridade Social, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
7. Documento acreditativo de conta bancaria.

CUARTO.- Proceder á creación dunha bolsa de traballo coas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo, seguintes: _

1. REY FERNÁNDEZ, CRISTINA, con DNI ***830***

QUINTO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

SEXTO.- Que se de conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este realice.

*Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe*